

ANA ROMANÍ

Muller, amiga,
quero ve-lo mar contigo polas fiestras abertas,
sulcar imaxes de gaiotas namoradas e berrar pola vida,
nos límites mesmos da loucura,
nosa é a tYolanda Castaño, ernura,
este recuperar o verso e a historia,
a entraña do ser,
o misterio da silenciada rebeldía.

ANTÓN LOPO

Ela era el e mentíase para non recoñecerse,
porque recoñecerse é como durmir
e soñar o mesmo soña todas as noites.
Soñarse!, dicía,
incapaz de saber se el a soñaba
ou se os soños o soñaban a el,
como a auga azul coa que as floristas tinxen de azul
os crisantemos brancos.

YOLANDA CASTAÑO

Se falase de ti non pronunciaría

as sílabas supremas
pero bicas ben e gústame estar contigo.
O meu verde co teu azul.
Delirio de ramas.
O meu verde co teu azul.

Abstéñome de pronunciar esas sílabas sublimes
pero gústame cómo abrazas e o teu pelo fai xogo

co meu vestido.
Os teus dedos patinan nas miñas medias.
O meu verde co teu azul.

ANDREA NUNES

Pensar que estiven perdida tanto tempo,
espallándome vertixinosa polas rúas todas
con salas de espera interminables,
tatuándome nos xeonllos os bares por onde ti estabas,
afiliada a todo aquilo que rexía o teu dogma.
Leonciña, ti que tantas bandeiras reciclaches
que tanta esperanza puñas no país,
todos os días primavera.

OLALLA COCIÑA

Lección

O que nos leva a estar amaiadas
antes do índice da lección que hai que memorizar
moito antes: feluxes de cores subindo ata a ventá
ocultos necesarios debaixo da mesa
neste camiño de entrepálpebras
languidecemos, sabemos desatender
ata a procacidade
baixar todas as gardas nin importa
ou é tamén morrer un pouco
para volver a empezar
tan contentas
nosoutras un relicario á caricia do pescozo
para gardarnos
dentro.

MARÍA REIMÓNDEZ

Mellor pensar noutra cousa, non niso. Non nas nubes de confusión que me abafan ao ir á escola, na soidade de tantos días no patio pensando en regresar á soidade do meu cuarto, na única compañía do meu póster de Superman, ao que lle pedía rescate, con quen falaba sen fin. Eran dúas soidades ben diferentes, a do patio e a do cuarto. No patio, a soidade marcaba sempre ese limbo onde nin as nenas nin os nenos querían xogar comigo, esas liñas claras e absurdas que ninguén máis ca min semellaba ver. Mais estaban aí. Seguen estando. Como os bordos intanxibles da boca dun frasco onde pechar a cadaquén. Tapas seladas, sen posibilidade de saída. Na soidade do meu cuarto era eu comigo, coa seguridade de non ter que estar en frasco ningún. Resultábame difícil pero estudaba e lía para esquecer o que pasara durante o día.

Entrar no instituto e atopar o meu grupo de viláns favoritos:

-Que, friquitanga, como o levas hoxe? Tes as tetas para diante ou para atrás esta mañá?

Cando pasan esas cousas síntome máis zoupón aínda. Cáenme as cousas que levo nas mans, os ollos non queren levantarse do chan e en xeral desvío o meu camiño. Decidín ignorar o grupo, mais tiven que pasar polo medio á forza para entrar, por moito que as ganas, que xa eran poucas, fosen quedando en ningunhas. Os primeiros empurróns. Os primeiros abaneos. Contando os minutos para saber se ía ser hoxe cando me rompesen os botón da camisa ou habería que agardar aínda uns días. Suando frío. "Que sexa outro día". E por hoxe zafei. Consegún chegar á primeira clase sen problema.

EVA MEJUTO

Eh... Mmmm... Non sei por onde empezar. Polo principio, que diría o meu avó. Preséntome, chámome Álex e son un mozo transexual. Resulta raro falar sen saber quen está do outro lado, mais, que curioso, estame a ser máis fácil do que pensaba, liberador, mesmo. Moito máis que falarlle a xente coñecida. Abro este Vídeo-blog para compartir convosco anacos da miña vida, algún do pasado pero, sobre todo, dos que están por vir: o meu tránsito, a viaxe cara a min mesmo. Quen me coñeza e estea a ver este vídeo entenderá moitas cousas, ou se cadra non comprenderá nada, porque hai persoas que nunca serán quen de aceptar nada que saia do rego. O distinto asusta, dá vertixe, porque obriga a cuestionar tantas cousas.... E o peor de todo é o medo de asumirnos, de aceptarnos e de sermos quen somos. Por iso fago este vídeo, porque non quero ter máis medo, nin vergoña, de min nin dos demais, dos que me odiaron e insultaron algunha vez, nin dos que me queren e me van querer sempre.

Fágoos tamén por se a miña experiencia pode axudar a quen estea a pasar por esta mesma situación. Moitas e moitos quedaron no camiño e outros marcharon, cambiaron de lugar para viviren unha nova vida, empezando de cero. Eu non quero fuxir a ningún sitio, quero vivir coa miña xente, no meu barrio, no meu país. Por iso, a partir de hoxe, pídovos que só me chamedes, sempre, Álex. Cando escoite que dicides o nome que aínda está no meu DNI farei como quen oe chober. Grazas